

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE EDUCACIÓN, CULTURA E DEPORTE

- 2614** *Real decreto 84/2018, do 23 de febreiro, polo que se modifica o Real decreto 276/2007, do 23 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de ingreso, accesos e adquisición de novas especialidades nos corpos docentes a que se refire a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e se regula o réxime transitorio de ingreso a que se refire a disposición transitoria décimo sétima da citada lei.*

O artigo 2.3 do texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, establece que o persoal docente se rexerá pola lexislación específica ditada polo Estado e polas comunidades autónomas no ámbito das súas respectivas competencias e polo previsto no propio Estatuto, coas excepcións que no dito artigo se conteñen.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, na súa disposición adicional sexta, sinala que son bases do réxime estatutario dos funcionarios públicos docentes as reguladas pola propia lei orgánica e pola normativa que a desenvolve para o ingreso e a mobilidade entre os corpos docentes, e encomenda ao Goberno o seu desenvolvemento regulamentario naqueles aspectos básicos que sexan necesarios para garantir o marco común básico da función pública docente. Así mesmo, a citada norma, na súa disposición adicional décimo segunda, regula os aspectos fundamentais que deben configurar o sistema de ingreso e accesos na función pública docente e dotar os ditos sistemas da necesaria homoxeneidade.

En desenvolvemento da citada normativa ditouse o Real decreto 276/2007, do 23 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de ingreso, accesos e adquisición de novas especialidades nos corpos docentes a que se refire a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e se regula o réxime transitorio de ingreso a que se refire a disposición transitoria décimo sétima da citada lei.

A Lei 3/2017, do 27 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2017, facéndose eco do acordo para a mellora do emprego público asinado o 29 de marzo de 2017 polo Ministerio de Facenda e Función Pública e polas organizacións sindicais, establece no número 6 do artigo 19.un o obxectivo de reducir por debaixo do 8 % a taxa de cobertura temporal en determinados ámbitos do sector público, entre os cales se encontra o persoal docente, a través de procesos de estabilización que se desenvolverán con base nas ofertas de emprego que se deberán aprobar e publicar nos respectivos diarios oficiais nos exercicios 2017 a 2019. Para a articulación destes procesos selectivos que, en todo caso, deberán respectar o cumprimento dos principios de libre concorrencia, igualdade, mérito, capacidade e publicidade recollidos no artigo 55 do texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, dispónse que poderán ser obxecto de negociación en cada un dos ámbitos territoriais da Administración xeral do Estado, comunidades autónomas e entidades locais, e inclúense medidas que posibiliten unha coordinación entre as diferentes administracións no seu desenvolvemento.

Ao ser competencia do Goberno o desenvolvemento regulamentario naqueles aspectos básicos que sexan necesarios para garantir o marco común básico da función pública docente, concorren no momento actual circunstancias que, no relativo aos procesos de estabilización do emprego temporal, deben ser tidas en conta á hora de regular o ingreso aos distintos corpos docentes, entre as cales se deberá valorar o incremento na taxa de interinidade nos ditos corpos docentes que se xerou con motivo das limitacións á porcentaxe da taxa de reposición establecida como consecuencia das especiais circunstancias económico-orzamentarias acaecidas nos últimos anos. Igualmente, deberase ter en conta unha adecuada valoración da experiencia docente previa dos aspirantes nos centros públicos da mesma etapa educativa, con total respecto ao establecido na xurisprudencia do Tribunal Constitucional sobre a materia.

A teor do exposto, procede, consecuentemente, modificar o regulamento de ingreso, accesos e adquisición de novas especialidades nos corpos docentes a que se refire a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e engadir unha disposición transitoria que regule un réxime de ingreso aplicable aos procedementos selectivos de ingreso na función docente que se realicen en execución das ofertas públicas de emprego que sexan aprobadas e publicadas nos diarios oficiais nos exercicios 2017 a 2019.

Este real decreto axústase aos principios de boa regulación contidos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguranza xurídica, transparencia e eficiencia, na medida en que persegue un interese xeral ao contribuír ao diagnóstico do sistema educativo español e á mellora dos seus resultados, cumpre estritamente o mandato establecido no artigo 129 da citada lei e, ao non existir ningunha alternativa regulatoria menos restritiva de dereitos, resulta coherente co ordenamento xurídico e permite unha xestión máis eficiente dos recursos públicos. Do mesmo modo, durante o procedemento de elaboración da norma permitiuse a participación activa dos potenciais destinatarios a través do trámite de audiencia e información pública e quedan xustificadas os obxectivos que persegue a lei.

Na súa elaboración foron consultadas as comunidades autónomas, a través da Conferencia Sectorial de Educación, e emitiu informe o Ministerio da Presidencia e para as Administracións Territoriais. Así mesmo, conta co informe da Comisión Superior de Persoal e co ditame do Consello Escolar do Estado.

Igualmente, deuse cumprimento ao disposto no artigo 37 do texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Educación, Cultura e Deporte, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Función Pública, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 23 de febreiro de 2018,

#### DISPOÑO:

**Artigo único.** *Modificación do Real decreto 276/2007, do 23 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de ingreso, accesos e adquisición de novas especialidades nos corpos docentes a que se refire a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e se regula o réxime transitorio de ingreso a que se refire a disposición transitoria décimo sétima da citada lei.*

Engádesse unha disposición transitoria terceira ao Regulamento de ingreso, accesos e adquisición de novas especialidades nos corpos docentes a que se refire a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, aprobado polo Real decreto 276/2007, do 23 de febreiro, polo que se regula o réxime transitorio de ingreso a que se refire a disposición transitoria décimo sétima da citada lei, redactada nos seguintes termos:

«Disposición transitoria terceira. *Do procedemento de ingreso derivado do artigo 19 da Lei 3/2017, do 27 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2017.*

Os procedementos selectivos de ingreso que se realicen en execución das ofertas públicas de emprego que, ao abeiro do disposto no número 6 do artigo 19. un da Lei 3/2017, do 27 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2017, sexan aprobadas polas distintas administracións educativas e publicadas nos respectivos diarios oficiais nos exercicios de 2017 a 2019, axustaranse ás seguintes indicacións:

1. As probas da fase de oposición nos ditos procedementos cinguiranse ao disposto no artigo 21 do regulamento de ingreso, coa excepción do número de temas que serán extraídos ao azar polo tribunal. De entre estes temas o aspirante deberá desenvolver por escrito un, á súa elección. O número de temas extraídos, de

forma proporcional ao número total de temas do temario de cada especialidade, axustarase aos seguintes criterios:

- a) Naquelas especialidades que teñan un número non superior a 25 temas, deberase elixir entre tres temas.
- b) Naquelas especialidades que teñan un número superior a 25 temas e inferior a 51, deberase elixir entre catro temas.
- c) Naquelas especialidades que teñan un número superior a 50 temas, deberase elixir entre cinco temas.

2. Na fase de concurso os baremos que fixen as convocatorias estruturarase nos tres bloques que se indican a continuación, e as puntuacións máximas que se poden obter en cada un deles serán as seguintes:

- Experiencia previa: máximo, sete puntos.
- Formación académica: máximo, cinco puntos.
- Outros méritos: máximo, dous puntos.

Os aspirantes non poderán obter máis de 10 puntos pola valoración dos seus méritos.

Respecto ás especificacións a que se deben axustar os baremos de méritos nos procedementos selectivos de ingreso nos corpos docentes a que se refire o parágrafo primeiro da presente disposición, ateranse ao disposto no anexo I do regulamento, coa excepción da valoración da experiencia docente previa, para a cal se terá en conta un máximo de dez anos, cada un dos cales deberá ser valorado nunha soa das subepígrafes dese bloque conforme os seguintes criterios:

- Por cada ano de experiencia docente en especialidades do corpo a que opta o aspirante, en centros públicos: 0,700 puntos.
- Por cada ano de experiencia docente en especialidades de distintos corpos a que opta o aspirante, en centros públicos: 0,350 puntos.
- Por cada ano de experiencia docente en especialidades do mesmo nivel ou etapa educativa que o impartido polo corpo a que opta o aspirante, noutros centros: 0,150 puntos.
- Por cada ano de experiencia docente en especialidades de distinto nivel ou etapa educativa que o impartido polo corpo a que opta o aspirante, noutros centros: 0,100 puntos.

Enténdese por centros públicos os centros a que se refire o capítulo II do título IV da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, integrados na rede pública de centros creados e sostidos polas administracións educativas.

As convocatorias establecerán a puntuación correspondente a cada mes/fracción de ano de maneira proporcional á valoración total asignada a cada subepígrafe.

3. A puntuación global do concurso-oposición resultará da ponderación das puntuacións das fases de oposición e concurso, e será dun 60% para a fase de oposición e dun 40% para a fase de concurso.»

**Disposición derradeira única.** *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 23 de febreiro de 2018.

FELIPE R.

O ministro de Educación, Cultura e Deporte,  
ÍÑIGO MÉNDEZ DE VIGO Y MONTOJO